



AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO PARA O CURSO 2013 – 2014

ORDE do 28 de maio de 2014 pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, en centros sostidos con fondos públicos, para o seu uso no curso escolar 2014/15. DOG N° 102, do venres 30 de maio de 2014 (páx. 25366 e seguintes)

DESTINATARIOS:

- Alumnado matriculado no curso 2013/2014 en Educación Primaria e repetidores de 2º curso de educación primaria (quedan excluídos das axudas os repetidores de 4º e 6º de Educación Primaria).

REQUISITOS:

- Ser pai/nai/titor/a legal dun alumno/a matriculado nun centro sostido con fondos públicos.
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- Ter unha renda per cápita igual ou inferior a 9.000 euros. O cálculo da renda per cápita realizarase da seguinte forma:
 - Datos do exercicio fiscal 2.012.
 - Sumaranse os recadros 455 e o 465 de cada un dos membros da familia que teñan ingresos.
 - Dividirase o resultado da suma anterior polo número de membros da unidade familiar.
 - No caso de non presentar declaración, teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar.

SOLICITUDES:

- As instancias poderán obterse nos centros, nas xefaturas territoriais da Consellería, no portal da xunta <http://www.edu.xunta.es> así como na páxina web do colexio: <http://centros.edu.xunta.es/ceipfelipedecastro>
- Presentaranse segundo o Anexo I desta orde nos centros educativos en que estea matriculado o/a alumno/a.
- Presentarase unha solicitude por cada alumno.
- As solicitudes serán asinadas polo pai/nai/titor legal así como polos membros da unidade familiar que perciban ingresos, excepto nos supostos de separación ou divorcio, nos que se poderá omitir a sinatura do proxenitor que non teña a custodia do menor.
- **Prazo de presentación de solicitudes do 02 de xuño ao 2 de xullo de 2014, ambos inclusive.**
- **Unha vez feita a solicitude teñen que vir os pais recoller os vales os días 03 e 04 de xullo.**
- **O centro nunca expedirá un novo vale no caso de que este sexa extraviado polo solicitante ou pola librería.**

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR

- Fotocopia do libro de familia onde figuren todos os membros da unidade familiar. Se a situación reflectida no libro a 31 de decembro de 2012 cambiou deberán presentar un dos seguintes documentos:
 - Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador
 - Certificado de convivencia (empadroamento)
 - Informe dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.
- No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, ou do alumno igual ou superior ao 33 % e inferior ao 65 %, deberá presentarse un dos seguintes documentos que acrediten esta circunstancia en 31 de decembro de 2012:
 - Certificado emitido polo órgano competente do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33 %.
 - Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez, ou

- o Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

O alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65 % só ten que presentar a certificación emitida polo órgano competente do grao de discapacidade, xunto coa solicitude da axuda.

- No caso de situación de violencia de xénero documentación acreditativa.

**** Deberanse mostrar todos os documentos orixinais ao entregar as fotocopias.**

CONTÍA DAS AXUDAS:

- ❖ Familias monoparentais (cun só pai ou nai)
 - o Renda per cápita ata 6.000 euros 170 €
 - o Renda per cápita familiar de 6.000,01 a 9.000 euros 90 €
- ❖ Resto das familias
 - o Renda per cápita ata 5.400 euros 170 €
 - o Renda per cápita dende 5.400,01 ata 9.000 euros 90 €
- ❖ O alumnado matriculado en educación especial, en centros específicos ou en unidades de educación especial en centros ordinarios, así como o que presente unha discapacidade igual ou superior ao 65 %, que solicite a axuda e que cumpra os requisitos desta orde recibirá un importe de 250 euros, con independencia da renda per cápita familiar.

ADQUISICIÓN DOS LIBROS:

- 1.- Unha vez que a persoa solicitante estea en posesión do vale, poderá adquirir unicamente libros de texto no correspondente establecemento, á súa libre escolla e polo importe máximo que figura no documento.

Non obstante, o alumnado matriculado en educación especial, así como aquel que teña recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 65 % poderá adquirir os libros, material didáctico e complementario que o centro docente determine en cada caso.

Se o importe dos libros de texto adquiridos é inferior ao valor do vale, o persoal do establecemento deberá introducir no recadro establecido para o efecto a contía exacta da venda; se o importe for superior ao valor do vale a diferenza será aboada polo solicitante. A consellería non asume máis que o importe consignado no vale.

O solicitante nunca deberá asinar e entregar o vale antes da recepción dos libros. A sinatura do vale e a súa entrega implica a súa conformidade cos libros de texto entregados, así como, se é o caso, co importe indicado polo establecemento no recadro establecido para tal efecto.

- 2.- Os vales non poderán ser fraccionados, é dicir, o importe total de cada vale só pode ser utilizado nun único establecemento.

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS:

- a) Seguir as directrices que marca a orde da convocatoria e destinar o importe da axuda na súa integridade á adquisición dos libros de texto propios do curso académico para o que se solicitou a axuda, segundo a relación que, para tal efecto, teña publicado o centro onde estea matriculado o alumnado.
- b) **Conservar en bo estado os libros de texto adquiridos con cargo ao importe das axudas, así como incorporalos, ao rematar o curso escolar 2014/15 a un fondo solidario que se constituirá no centro (banco de libros), que permita a súa reutilización nos seguintes cursos académicos como medida que favoreza o establecemento dun sistema de socialización do seu uso.**
 - a. Exclúese desta obriga o alumnado beneficiario de 1º e 2º de primaria, así como o de educación especial e aquel cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, nos casos en que o material adquirido con cargo a axuda non poida ser reutilizado.

Noia, a 02 de Xuño de 2014

O Director

Asdo: Francisco José Lires Fernández

